

Actualización 20/03/2020 Viaxe Francia 2020 1º BAC

1. O **luns 16/03/2020**, solicitamos información á axencia de viaxes, indicándolles que o decreto do estado de alerta polo Goberno de España, e o peche de fronteiras con España decretado polo Goberno de Portugal, deberían ser suficientes para o reembolso da totalidade da viaxe

2. Dende a axencia de viaxes, nos informan que xa conseguiron que o hotel reembolse a totalidade, pero que as compañías aéreas seguen negándose a facer o reembolso, ofrecendo a posibilidade de cambio de datas.

O motivo que utilizan aparece reflexado nun comunicado de **AESA** (Agencia Estatal de Seguridade Aérea) do sábado 14/03/2020, na que expoñen os **Dereitos dos pasaxeiros ante a situación de emerxencia polo Coronavirus**.

Según o que expoñen, a cancelación do billete por parte dos pasaxeiros non está contemplada polo Regulamento Europeo e polo tanto non teñen dereito ó reembolso. Si que se especifica que dita situación pode ser reclamada a modo particular ante os tribunais. (https://www.seguridadeaerea.gob.es/lang_castellano/noticias_revista_noticias/200314_derechos_pasajeros_coronavirus.aspx)

5.O **mércoles 18/03/2020** solicitamos novamente información, dende a axencia de viaxes nos responden que de momento non teñen novidades. Pola tarde nos indican que as compañías aéreas non responden, xa que as liñas están saturadas, pero que lles acaban de enviar un email e están a espera de contestación. Indican tamén que nese momento nos reembolsan todo excepto os vos, e que seguen pelexando con eles, pero coas dificultades actuais.

6. Hoxe venres **20/03/2020**, solicitamos de novo información, indicándolles que queremos trasladar información ás familias. Dende a axencia nos responden: *"Esta mañana hemos vuelto ha hablar con la compañías aéreas y la única opción que dan es cambio de fechas, no reembolsan el dinero. Esto está pasando con todas las compañías aéreas tanto para billetes individuales, como para billetes de grupos, sólo dan opción de cambio de fecha y con restricciones. Para la semana volveremos a insistir, pero la verdad, vemos complicado que nos reembolsen el importe de los billetes. El resto del viaje es reembolsable"*.

7. A situación actual cambia cada hora, pero de non confirmarse oficialmente o reembolso da totalidade da viaxe, as **posibilidades pasan** por:

1º Solicitar un bono (credit shell) ás compañías aéreas, que poderían ser utilizado durante 1 ano.

2º Facer unha reclamación individual.

3º Solicitar o bono de momento, e esperar ás novas oficias, para un posible reembolso futuro ou reclamación.

8. Debido ás dificultades de facer unha reunión coas novas recomendacións , solicitamos **resposta individual vía email** sobre a vosa postura ante dita situación rzdtutoria@gmail.com, para dar a mellor solución posible.

Atentamente.

Roberto Zuluaga Diaz

En Culleredo, a 20 de marzo de 2020